

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 7 DE XULLO DE 2015

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 18.04 horas do día 7 de xullo de 2015, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Juventino José Trigo Rey, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Gumersindo Pedro Galego Feal, Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Painceiras, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, Ana María Novo Picos, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, César Daniel Castro García e María del Carmen Martínez Rodríguez

Secretaria:

Estefanía Manteiga Lamas

Concorre a interventora Marta Roca Naveira

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Dación de conta das Resolúcións da Alcaldía núm. 802, 803, 804, 805 e 806/2015

O alcalde toma a palabra para explicar que a resolución 802 foi rectificada de forma que nas delegacións de competencias en materia de contratación onde di "ata" pasa a dicir "a partir de"; así como que se emendou un erro na resolución 805, xa que non se poñía o nome do delegado núm. 8 que é o Sr. Castro García.

Os concelleiros danse por informados.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di, respecto destas resolucións, que parece mentira que un partido político que baixou 1000 votos, como é o Partido Socialista, outro que baixou 500 votos, como é o BNG e un novo grupo político conformen estes gobernos, tal e como reflicten estas resolucións. Di que a lei é a lei e ás veces non é xusta, xa que considera que o goberno que se vai constituír non se axusta ao votado polos veciños, cun alcalde foi elixido nos despachos polos distintos concelleiros das diferentes forzas políticas. Dende un principio se lles dixo que o goberno ía estar constituído dende o nomeamento do alcalde e non foi así. Tamén se lles dixo que ía ser coa máxima transparencia e participación e todos os que hoxe están aquí non saben que é o que se asinou nos pactos de goberno, pois non é público; non saben tampouco cal é o programa de goberno ou cales son as liñas programáticas deste goberno pese ás moitas declaracións na prensa. Hai unha clara constitución tardía, de tal xeito que no último punto da orde do día métese con calzador un asunto que debía ser dun pleno ordinario; este pleno debeuse facer durante o mes de xuño e o primeiro xoves do mes de xullo debíase facer o primeiro pleno ordinario, como se fixo na lexislatura pasada cando só eran seis concelleiros e non nove como son agora e aínda así deron chegado.

Prosegue dicindo que non sabe cales foron os motivos polo que non deron chegado a constituír o goberno en tempo e forma e facer o primeiro pleno ordinario do mes de xullo. Salienta que falta un punto na orde do día, xa que o Pleno organizativo da anterior lexislatura levaba incluídos os locais das forzas políticas nos que exercerían a súa actividade e hoxe non hai reparto dos locais e aínda non se sabe nada ao respecto.

Por iso, di que tanto falar de transparencia e participación cidadá e non hai ningunha porque se se tiveran preocupado de falar co pobo lle dirían que o pobo o que quería é que gobernase o PP, que foi a lista máis votada e non que fixeran unha compoñenda de tres grupos nos despachos para chegar a formar este goberno que hoxe se presenta aquí. Por iso, di, ten que facer estas obxeccións a estas Resolúcións da Alcaldía porque non recollen o sentir nin a vontade do pobo.

Ao mesmo tempo tamén di que non se pode saír á prensa para dicir que o alcalde se recorta o soldo á metade sen dicir que vai ter unha dedicación do 41 por cento, por iso as novas di que hai dalas completas. Por outro lado a outra metade será para dúas dedicacións parciais e iso é cuestión do goberno, que é quen de organizarse pero cando se vai aos xornais hai que contar a verdade, redúcese o soldo porque se reduce a competencia a un 41% e iso vai repercutir na atención aos veciños.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que o seu grupo apoia as Resolucións da Alcaldía, entende que si responden á vontade popular e que hai partidos políticos que entenden a democracia como unha carreira de velocidade e o primeiro que gaña leva a medalla de ouro e o resto non levan nada; outros entenden a democracia como un sistema participativo no que os cidadáns escollen a quen os teñen que representar e estes se constitúen, como se fai na maior parte dos concellos de Galicia ou do Estado, en gobernos formados pola vontade dos cidadáns e a isto pensa que ningún demócrata ten nada que dicir. Entende que os partidos políticos compiten por acadar a representatividade dos cidadáns e unha vez escollida é a responsabilidade política dos grupos formar gobernos que representen á maioría dos cidadáns. É certo que o seu grupo político tivo un retroceso importante de votos e concelleiros nas eleccións, incluso outros grupos políticos, pero tamén é certo que logo das eleccións hai unha conta nova é o que pasou foi que a maioría absoluta son nove concelleiros e se hai tres grupos que se poñen de acordo para gobernar e conforman unha maioría é tan lexítimo como cando o PP gobernou en minoría con seis concelleiros, incluso pode ser máis lexítimo porque ten máis referendo dos representantes da cidadanía. Por outro lado, o seu grupo non ocultou na campaña electoral que o seu obxectivo era conformar un goberno de esquerdas, sempre dende un sentido amplo con a posibilidade de que o goberno tivese dúas, tres ou catro forzas políticas.

Cando se fala de tardanzas e de tempo di que é unha cuestión opinable, respecta a opinión do voceiro do grupo municipal do PP, pero fronte a isto están os prazos que fixa a lexislación vixente, que son os que marcan os tempos da lexitimidade democrática e por iso non se lle pode poñer peros, porque se fai dentro das regras democráticas, non se pode poñer en dúbidas e menos por quen ostentou a representación do Concello nestes últimos catro anos.

Non está nada de acordo coa intervención do voceiro do grupo municipal do PP cando fala de compoñendas ou de acordos secretos, porque isto non sucedeu, xa que mesmo se falou en locais públicos cara conformar un goberno con maioría e dille ao señor Galego Feal que el tamén o intentou nos despachos deste Concello pero non acadou o respaldo suficiente para poder saír alcalde, non obstante, se estes procedementos lle valeron ao PP tamén lle deben valer ao resto dos grupos políticos, que neste caso acadaron bastante máis éxito que el, porque non ten capacidade de acadar acordos e só conta co seu grupo político.

En canto aos salarios, o que é evidente é que ata o momento, respecto ás dedicacións do Concello, hai o compromiso dos partidos políticos, e o PSOE o incluíu moi claro no seu programa electoral, non querían incrementar os gastos e o acordo que hoxe se trae ao Pleno así o reflicte. Dille ao voceiro do grupo municipal do PP que non lle parece de todo xusto que veña a comparar as dedicacións exclusivas e a porcentaxe de tempo porque sabe, mellor que ninguén, que a dedicación nunca é unha porcentaxe ou un número de horas determinado, porque cando se traballa polo pobo de Fene se traballa polas tardes, polas noites, as fins de semana, se sacrifican familia e amigos polo ben da cidadanía, e vostede o sabe e parécelle moi pouco xeneroso recorrer a este tipo de argumentacións.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que di que sen entrar a falar das negociacións políticas para formar o goberno, di que foron lóxicas e coherentes e que remataron na constitución dun goberno en maioría; parécelle absurdo discutir onde ou o xeito no que se tiñan que ter feito. É doado constituír un goberno de continuidade do anterior, só hai que substituír uns concelleiros por outros, pero este non é o caso de Fene, que tivo que constituír un goberno novo, un goberno de esquerdas constituído por tres forzas políticas que conta cun programa de mínimos. En relación co dito polo voceiro do grupo municipal do PP, sobre o tempo e a forma da constitución do goberno, dille que habería que definir tanto tempo como forma, así a maioría dos gobernos nos que houbo un cambio empregaron o mesmo tempo có de Fene e, en canto á forma, pensa que foi a máis axeitada para esta situación e o goberno conta cunha maioría política e un programa. Por todo isto pensa que os obxectivos están cumpridos e este é o primeiro acto político do novo goberno e a partir de agora botan a andar.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que na súa primeira intervención quere pedir dúas dimisións ou, no seu defecto, que o alcalde proceda ao seu cesamento. A primeira dimisión que solicita é a do señor Xoán Manuel Rodríguez

Bastida, como membro do grupo de goberno atendendo ás súas propias palabras, pois dixo que lle vai adicar ao concello o tempo que a súa profesión lle deixe libre e tendo en conta que ese tempo libre, segundo as informacións do concello, se traducen en dúas mañás á semana entende que é un tempo insuficiente, incluso estando na oposición. Para pedir esta dimisión faise eco dese código ético e moral tan elevado que a formación política Somos Fene veu presumindo durante toda a campaña e que aínda tivo máis énfases logo das eleccións, por iso entende que quen quere ser goberno non pode adicarlle ao concello só dúas mañás e considera que é unha estafa aos veciños e veciñas de Fene.

A segunda dimisión que pide é para o señor César Daniel Castro García, tanto como membro do grupo de goberno como da Corporación municipal. Esta dimisión a pide e se pode comprobar documentalmente, en base a unha denuncia feita hai un ano por un funcionario contra o señor Castro por falla de respecto, acoso e aldraxes á súa persoa, acusándoo constantemente no centro de traballo, no colexio do Ramo de Barallobre, chamándolle cousas como inepto, inútil e "un tanto cortiño" e que pon en dúbida "a túa capacidade para o desempeño das funcións que tes". Estas son palabras textuais que figuran na carta de queixa do funcionario. Esta mesma carta continúa a sinalar outras expresións e fallas de respecto ao persoal do concello para logo continuar ante a directora do centro escolar chegando á desacreditación persoal ante o equipo de traballo do centro escolar. Entende que cando un veciño ou veciña non está de acordo ou non lle gusta o que fai un funcionario do concello non permite que se lle poida faltar ao respecto, xa que, en calquera caso, sempre está o grupo de goberno para canalizar as queixas correspondentes. Ela no seu momento, falou co traballador e co centro do traballo, que lle confirmaron a denuncia presentada en abril de 2014. Este escrito tratouse nunha comisión informativa na que o concelleiro de Persoal lles comunicou que confirmara os feitos co traballador e cos responsables do centro escolar e lle deu veracidade ao escrito. Con todos estes antecedentes o señor Castro non pode estar, non xa no grupo de goberno, senón que na Corporación municipal. Se unha persoa falla ao respecto de tal xeito a un traballador municipal, que ademais está no exercicio das súas funcións e por riba é un veciño de Fene, non pode representar máis ao pobo, polo que pídelle que faga entrega inmediata da súa acta de concelleiro e no seu defecto, pide que sexa cesado do grupo de goberno, porque cando EU lle facilitou a alcaldía ao BNG tampouco o fixo cun cheque en branco, o fixo coa confianza de que se formase un equipo de goberno sólido, estable e con sentido común e entende que con estes antecedentes non se responden aos criterios de goberno que pretendía cando facilitou este goberno de esquerdas. Insiste en que todo isto é incompatible con ese altísimo código ético e moral do que esta formación veu facendo presunción, tendo en conta, ademais, coa importancia das palabras ditas que agora quedan prisioneiros delas e deben actuar en consecuencia. As actuacións persoais non foron só cara ao traballador, senón que tamén cara ao persoal do colexio. Por todo isto, pide a dimisión do señor Rodríguez como membro do grupo de goberno e a dimisión do señor Castro como membro do grupo de goberno e tamén como membro da Corporación municipal. No seu defecto pide que o alcalde proceda a cesalos.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que lle agradece ao PP os 100 días de gracia e como ve que veñen con moitos ánimos pídelle que deixen a demagogia fóra, pois semella que xa están en campaña para as eleccións de novembro, algo que se observa non só en Fene senón tamén noutros concellos; por iso dille que se axusten ao que se fai e se vai facer en Fene.

Parécelle mentira que o PP dixera isto aquí, pois ao PP sempre lle valeu todo cando é para escollelo e o favorecelo e cando non, non lle valeu, así o seu voceiro sabe que cando o PP non foi o grupo máis votado en moitos concellos da zona, Moeche, Sada ou outros, valeulles non ser a lista máis votada para gobernar, por iso dille que hai que ser consecuente ou cando menos dicir o que se quere. Por todo isto, di que o seu discurso foi demagóxico, se se suman os votos do actual goberno duplican os votos do PP. Falando de transparencia, dille que os acordos do goberno foron asinados polos tres partidos que hai no goberno e levan moitos días, 10 ou 15 días, expostos nas redes sociais e quen ten interese os pode ver, non obstante informa que proximamente todas as sociedades e asociacións que hai neste concello van ser citadas por esta goberno para presentarlles, ademais das persoas que forman parte deste equipo, os acordos do goberno e demais cousas que se van preparar xa en papel. Respecto dos locais, dille que xa se falou, que saben que actualmente só hai tres locais para os partidos políticos e agora hai cinco e non pensa que sexa razoable poñerse a facer obras no Concello o primeiro día, terán que tentar adaptar estes locais e isto non é o máis urxente.

Dille ao voceiro do grupo municipal do PP que se lese ben as resolucións veríase que o alcalde terá un salario dun 41% e non da dedicación. Se tivesen vido máis polo concello este último mes verían que el chega as 8.00 ou 8.15 h e se vai as 15.30 h da tarde; que ata o de agora estivo polas tardes traballando e as fins de semana se acudiu a todos os actos institucionais que houbo no concello, o que pasa é que xa comezan dando caña sen vir ao concello a traballar e ese di que é o problema,

pois a súa dedicación está sendo non do 100% senón do 150%, porque unha cousa é unha dedicación persoal e de traballo e outra dos cartos, por iso prefire cobrar o 50% do soldo e repartir con outra xente que está no concello para que poida haber máis xente atendendo ao público con dedicación.

Prosegue a dicir o alcalde, respecto da intervención da voceira do grupo mixto, que pode entender motivos de todo tipo, pero persoalmente non lle gusta xulgar asuntos persoais das persoas cando nin sequera estaba na política, por iso tentar xulgar á xente por cousas que ocorreron hai un ano, dous ou tres non o considera convinte, polo que, sen saber se van dimitir, el non os vai cesar. O equipo de goberno que hoxe se presenta aquí debe ser xulgado polo traballo feito e se dentro dun ano, estes ou os demais concelleiros o fan tan mal que lles teñen que pedir a dimisión, ao mellor o terán que pensar. Por iso rexeita que cesar aos concelleiros.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que quere puntualizar que a contestación do alcalde non a pode cualificar, díxolle que vaia ás redes sociais a ver o programa de goberno e os seus pactos e que logo llo exporá ás sociedades, polo que lle pregunta quen é aquí a oposición? e se a oposición son "títeres"? Neste pleno de organización debía vir o programa e os pactos do goberno, senón debían ter feito os pactos antes, pero hai que dicirlle ao pobo e aos veciños o que van facer. Por iso esíxelle que presente aquí o seu programa e que sería unha cuestión de respecto que llo expuxese antes á oposición que ás sociedades, porque a oposición está composta polos lexítimos representantes do pobo, por iso non sae do seu asombro.

Respecto dos pactos noutros concellos como en Moeche, dille que alí estaba o PP e a escisión do PP, e non hai moito máis que dicir. Respecto dos locais lémbrale ao alcalde que había catro locais e eran catro grupos políticos. O grupo político do PP quedouse sen local para que o ocupase o informático e por iso ben puideron asignar os tres locais que hai, vostedes ben poderían ter esperado, igual que esperou o PP no seu día, que poñer unhas láminas de pladur é pouco tempo, porque ben sabe como está estruturado o terceiro andar deste edificio.

Respecto da petición de dimisión dille ao alcalde que cando menos o debe estudar, porque así como o PP non ten constancia respecto da alegación da disposición do tempo que ten o concelleiro ou non, do outro si que ten constancia e o alcalde tamén a ten porque asistiu á comisión informativa á que fixo referencia a voceira do grupo mixto.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que subscribe as palabras do alcalde no senso de que o partido socialista tamén prefire que a este goberno se lle vaia xulgando polos seus feitos e non por acontecementos que puideran ter ocorrido ou non no pasado cando diferentes membros do goberno nin sequera actuaban en política.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que di que o seu compañeiro actuou no 2013-2014 como un pai preocupado dun alumno dun colexio que sinxelamente presentou unha queixa. É curioso que o ex-alcalde diga que coñece estes acontecementos dende hai un ano e non tomase ningún tipo de decisión contra un cidadán común, como era o seu compañeiro daquela. Respecto da petición da súa dimisión di que non é un político profesional, non ten dedicación exclusiva nin parcial e dedicarlle ao Concello todo o tempo que necesite. O ideal sería que todos os concelleiros puideran ter dedicación exclusiva sendo políticos profesionais, pero isto non é así, hai que traballar e engade que hai temas máis importantes dos que falar. Respecto dos locais para os grupos políticos, di que o seu grupo non ten local, esperarán a que se fagan as reformas necesarias para ter un local e mentres tanto dispoñen dunha mesa na que poden traballar. Conclúe dicindo que non van dimitir, sería absurdo e unha falla de compromiso que adquiriron coa cidadanía.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo mixto, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que xa contaba coa non dimisión dos concelleiros porque unha cousa é o que se fala de portas afora e outra cando a un lle aperta o zapato e daquela xa non hai tanta ética nin tanta moral. Respecto do tempo e do horario que lle ía dedicar o señor Rodríguez di que non o ten por escrito pero constan nas declaracións que fixo a Radio Fene cando dixo literalmente "lle vou dedicar ao Concello o tempo que me quede libre que son dúas mañás á semana", ao que engade que a ela este tempo non lle chegaba xa na oposición, polo que non quere pensar como será cando se goberna.

Respecto de que o número dous de Somos Fene non participaba na política, di que non o faría no Concello, pero lémbrale que estivo no Partido Socialista con representación no organigrama, cando

se enfadou co Partido Socialista veu para Esquerda Unida, despois foi para Espazo Socialista e agora está na formación Somos Fene, así que non se pode dicir que non participaba en política.

Respecto do dito de que era un pai preocupado di que ela tamén é nai e ten dous fillos, pero xamais se lle ocorreu faltarlle ao respecto a ningún traballador nin a ningún mestre, nin chamándolles ineptos ou se lles deron o título de maxisterio en algunha tómbola e se algunha vez ten algún problema con algún traballador do Concello, dalgunha administración pública ou empresa privada, sabe a onde se ten que dirixir, pero sen faltarlle ao respecto a ninguén.

Respecto das represalias que tivese que tomar o Concello fronte a un veciño non pensa que esta sexa a función do Concello.

Prosegue a dicir que aquí ninguén é político profesional, pero si é certo que cando se comprometen e figuran nunha lista política o fan para dedicarlle ao Concello o máximo tempo posible e non para dedicarse primeiro a súa casa e logo, se queda algún ratiño libre, dedicarllo ao Concello, por iso non está de acordo co dito.

En relación coa falla de local de Somos Fene di que non lle debe preocupar moito xa que os primeiros días logo das eleccións foi polo Concello e de Somos Fene non había ninguén, é dicir, non apareceron ata que non se repartiron os cargos e por iso tanto lles daba ter ou non local.

Remata dicindo que xa contaba con que non dimitisen, pero gústalle que conste que a pediron e para ela é importante estes antecedentes, porque lle preocupa que un membro do goberno que lle faltou ao respecto a un traballador municipal agora vaia ter responsabilidades con outros traballadores municipais e que isto se poida repetir. Di que non van mirar o currículo profesional de cada un porque todos teñen cometido faltas ou erros, pero neste caso si lle parece grave, porque non foi a falla de respecto a un traballador municipal, senón que tamén afectou ao profesorado do colexio.

2. Dación de conta da constitución dos grupos políticos, nomeamento de voceiros/as e determinacións das súas asignacións

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS E ASIGNACIÓNS

Juventino José Trigo Rey, aos efectos de dar cumprimento ao disposto no artigo 25 ROF e disposicións concordantes e á vista do informe de secretaría 83/2015 dá conta ao pleno da constitución dos seguintes grupos políticos municipais e os seus integrantes:

1.- Grupo Municipal do Partido Popular: Gumersindo Pedro Galego Feal, Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Painceiras, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez e Ana María Novo Picos.

Voceiro: Gumersindo Pedro Galego Feal; Suplente: Rocío Aurora Bértoa Puente

2.- Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego: Juventino José Trigo Rey, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá e María Manuela Aguilar Prieto.

Voceira: Alejandra Permuy Meizoso; Suplente: Justo Martínez Ardá

3.- Grupo Municipal Socialista: Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido e Amalia García Balado.

Voceiro: Antón Lois Noceda Carballo ; Suplente: Joaquín Julián Ayala Garrido

4.-Grupo Municipal Somos Fene: Xoán Manuel Rodríguez Bastida e César Daniel Castro García.

Voceiro: Xoán Manuel Rodríguez Bastida; Suplente: César Daniel Castro García.

5.-En relación coa petición de María Carmen Martínez Rodríguez de constituir o Grupo Municipal de Esquerda Unida, rexéitase dita constitución por non ser conforme co artigo 74 da Lei de administración local de Galicia e o artigo 10 do Regulamento Orgánico Municipal e dase conta da constitución do Grupo mixto, conformado por esta concelleira.

Así mesmo propoño ao pleno da corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

1.- Determinar as seguintes asignacións mensuais aos grupos políticos:

172,46 euros por grupo/mes máis 36,49 euros por cada concelleiro integrante do grupo político/mes

2.- De conformidade co establecido no artigo 73.3 LBRL, no que se establece que os grupos políticos levarán unha contabilidade específica da dotación asignada a eles e que porán a disposición do pleno sempre que lle pida, o pleno da corporación asume a fiscalización das devanditas asignacións económicas.

En todo caso, no mes de maio de cada ano poñerase a disposición da Intervención municipal para a súa fiscalización a documentación do exercicio anterior. Esta documentación consistirá en:

1. Un libro rexistro, foliado e numerado e co selo do Concello, dos ingresos recibidos da Corporación e dos pagos realizados con cargo a ditos ingresos.

2. As facturas ou recibos que sirvan de soporte xustificativo dos gastos realizados.

Os límites a estes gastos están determinados pola LBRL ó indicar que debe tratarse de gastos de funcionamento e que, en ningún caso, poderán destinarse ó pago de retribucións ou de adquisición de bens de inversión, é dicir, activos fixos de carácter patrimonial.

A xustificación deberá efectuarse mediante declaración xurada do voceiro de cada un deles de ter destinado o importe percibido ós fins para os que se concedeu, sen prexuízo da obriga de presentar no mes de maio a documentación sinalada máis arriba.

O pagamento realizarse do modo seguinte: no mes de xaneiro adiantarase o 80% da cantidade asignada, debendo xustificar tal e como se indica no apartado anterior antes do 30 de decembro ante a Intervención de fondos do Concello para proceder ó aboamento do 20% restante.

Considerando os fundamentos de dereito que deben presidir a concesión e aplicación das aportacións municipais ós Grupos políticos que configuran a Corporación, e ante a indeterminación legal existente, no relativo ós criterios a considerar que gastos son susceptibles de ser financiados con cargo a ditas aportacións, é polo que o Pleno da Corporación, nun momento posterior e a través dunha normativa específica, fixará os criterios específicos para a xustificación destes fondos.

Fene, 2 de xullo de 2015
O alcalde
Juventino José Trigo Rey"

Non habendo intervencións, sométese o asunto a votación, quedando aprobado por maioría absoluta de 9 votos a favor (4 do grupo do BNG, 3 do grupo socialista e 2 de Somos Fene), con 8 abstencións (7 do grupo do PP e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1.- Rexeitar a constitución do Grupo Municipal de Esquerda Unida por non ser conforme co artigo 74 da Lei de administración local de Galicia e o artigo 10 do Regulamento Orgánico Municipal

2.- Determinar as seguintes asignacións mensuais aos grupos políticos:

172,46 euros por grupo/mes máis 36,49 euros por cada concelleiro integrante do grupo político/mes

3.- De conformidade co establecido no artigo 73.3 LBRL, no que se establece que os grupos políticos levarán unha contabilidade específica da dotación asignada a eles e que porán a

disposición do pleno sempre que lle pida, o pleno da corporación asume a fiscalización das devanditas asignacións económicas.

En todo caso, no mes de maio de cada ano poñerase a disposición da Intervención municipal para a súa fiscalización a documentación do exercicio anterior. Esta documentación consistirá en:

1. Un libro rexistro, foliado e numerado e co selo do Concello, dos ingresos recibidos da Corporación e dos pagos realizados con cargo a ditos ingresos.

2. As facturas ou recibos que sirvan de soporte xustificativo dos gastos realizados.

Os límites a estes gastos están determinados pola LBRL ó indicar que debe tratarse de gastos de funcionamento e que, en ningún caso, poderán destinarse ó pago de retribucións ou de adquisición de bens de inversión, é dicir, activos fixos de carácter patrimonial.

A xustificación deberá efectuarse mediante declaración xurada do voceiro de cada un deles de ter destinado o importe percibido ós fins para os que se concedeu, sen prexuízo da obriga de presentar no mes de maio a documentación sinalada máis arriba.

O pagamento realizarse do modo seguinte: no mes de xaneiro adiantarase o 80% da cantidade asignada, debendo xustificar tal e como se indica no apartado anterior antes do 30 de decembro ante a Intervención de fondos do Concello para proceder ó aboamento do 20% restante.

Considerando os fundamentos de dereito que deben presidir a concesión e aplicación das aportacións municipais ós Grupos políticos que configuran a Corporación, e ante a indeterminación legal existente, no relativo ós criterios a considerar que gastos son susceptibles de ser financiados con cargo a ditas aportacións, é polo que o Pleno da Corporación, nun momento posterior e a través dunha normativa específica, fixará os criterios específicos para a xustificación destes fondos.

3. Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía da determinación da periodicidade das sesións ordinarias do Pleno

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

O día 13 de xuño do 2015 constituíuse a Corporación municipal do Concello de Fene xurdida das eleccións municipais celebradas o 24 de maio do 2015.

O artigo 46.2 a da da Lei 7/1985, de 2 de abril e reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03-04-1985) e artigo 210.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (DOG núm. 149, de 5 de agosto) establecen que o Pleno da Corporación celebrará sesión ordinaria como mínimo cada dous meses e o artigo 24 do Regulamento orgánico do Concello de Fene (B.O.P. da Coruña núm. 156 do 8 de xullo do 2008) establece que o Pleno celebrará sesión ordinaria coa periodicidade que estableza o Pleno da Corporación e que na sesión extraordinaria que se convocará dentro dos trinta días seguintes ó da sesión constitutiva da Corporación, a proposta do Alcalde/sa, o Pleno acordará o día e a hora na que se celebraran as sesións ordinarias, en primeira convocatoria e dous días despois, á mesma hora, en segunda.

Logo de ver canto antecede, no exercicio das competencias que me atribúe a lexislación vixente, propoño que o Pleno adopte o seguinte acordo:

As sesións ordinarias do Pleno da Corporación do Concello de Fene terán carácter mensual, celebrándose as sesións o primeiro xoves de cada mes ás 18:00 horas. No suposto de que o día prefixado fose festivo ou inhábil, celebrarase a sesión co mesmo carácter de ordinaria o inmediato hábil anterior.

Fene 2 de xullo do 2015
O alcalde-presidente
Juventino José Trigo Rey”

Non habendo intervencións, sométese o asunto a votación, quedando aprobado por maioría absoluta de 10 votos a favor (4 do grupo do BNG, 3 do grupo socialista, 2 de Somos Fene e 1 do grupo mixto), con 7 abstencións do grupo do PP.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

As sesións ordinarias do Pleno da Corporación do Concello de Fene terán carácter mensual, celebrándose as sesións o primeiro xoves de cada mes ás 18:00 horas. No suposto de que o día prefixado fose festivo ou inhábil, celebrarase a sesión co mesmo carácter de ordinaria o inmediato hábil anterior.

4. Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía da determinación da periodicidade das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

O día 13 de xuño do 2015 constituíuse a Corporación municipal do Concello de Fene xurdida das eleccións municipais que tiveron lugar o 24 de maio do 2015.

O artigo 46.2 a da Lei 7/1985, de 2 de abril e reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03-04-1985) e artigo 212 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (DOG núm. 149, de 5 de agosto) establecen que a Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria coa periodicidade que sinale o Regulamento orgánico e como mínimo cada quince días e o artigo 18 do Regulamento orgánico do Concello de Fene (B.O.P. da Coruña núm. 156 do 8 de xullo do 2008) establece que o Pleno establecerá a periodicidade da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local ó inicio de cada mandato corporativo.

Logo de ver canto antecede, no exercicio das competencias que me atribúe a lexislación vixente, propoño que o Pleno adopte o seguinte acordo:

As sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local do Concello de Fene terán carácter semanal, celebrándose as sesións os xoves de cada semana ás 08.30 horas en primeira convocatoria e unha hora máis tarde en segunda convocatoria. No suposto de que o día prefixado fose festivo ou inhábil, celebrarase a sesión co mesmo carácter de ordinaria o inmediato hábil anterior.

Fene 2 de xullo do 2015
O alcalde-presidente
Juventino José Trigo Rey”

Non habendo intervencións, sométese o asunto a votación, quedando aprobado por maioría absoluta de 9 votos a favor (4 do grupo do BNG, 3 do grupo socialista e 2 de Somos Fene), con 8 abstencións (7 do grupo do PP e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

As sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local do Concello de Fene terán carácter semanal, celebrándose as sesións os xoves de cada semana ás 08.30 horas en primeira convocatoria e unha hora máis tarde en segunda convocatoria. No suposto de que o día prefixado fose festivo ou inhábil, celebrarase a sesión co mesmo carácter de ordinaria o inmediato hábil anterior.

5. Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía da creación, composición e periodicidade das Comisións Informativas permanentes

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Creación das comisións informativas permanentes

O día 13 de xuño do 2015 constituíuse a Corporación municipal do Concello de Fene xurdida das eleccións municipais celebradas o 24 de maio do 2015.

O artigo 20.1 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril e reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03-04-1985) e 68 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (DOG núm. 149, de 5 de agosto) establecen que as comisións informativas deberán existir nos concellos de máis de 5000 habitantes necesariamente e que lle corresponde ao Pleno determinar o seu número e denominación a proposta da Alcaldía.

Logo de ver os artigos 45 e seguintes do Regulamento orgánico do Concello de Fene (B.O.P. da Coruña núm. 156 do 8 de xullo do 2008) e 123 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (BOE número 305 do 22 de decembro do 1986), que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Tendo en conta que cada Comisión estará integrada de forma que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos municipais e concelleiros/as non adscritos representados na Corporación.

Logo de ver que a Comisión Especial de Contas, órgano necesario, poderá actuar como Comisión Informativa permanente para os asuntos relativos a economía e facenda da entidade.

Tendo en conta que por Resolución da Alcaldía 804/2015, do 1 de xullo, créanse as seguintes áreas do goberno municipal:

I Desenvolvemento territorial e do medio

II Organización e seguridade

III Dinamización económica

IV Dinaminación social e transparencia

Logo de ver todo o que antecede, propono que o Pleno da Corporación acorde:

1º Crear catro Comisións Informativas Permanentes coa seguinte denominación:

I Comisión informativa de Desenvolvemento Territorial e do Medio

II Comisión informativa de Organización e Seguridade

III Comisión informativa de Dinamización Económica

IV Comisión informativa de Dinaminación Social e Transparencia

2º De conformidade có disposto nos artigos 20.1 e) e 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 51 do Regulamento orgánico do Concello de Fene créase a Comisión especial de contas.

3º A Comisión especial de contas terá as competencias previstas no artigo 116 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local e no artigo 51 do Regulamento orgánico municipal.

As Comisións informativas terán as competencias que sinala o artigo 20.1 c) da Lei 7/1985 de 2 de abril e 51 do Regulamento orgánico municipal e ditaminarán sobre as materias e asuntos relacionados coas materias asignadas a cada área na Resolución da Alcaldía 804/2015.

No caso de que algún asunto non teña un encaixe claro nalgunha comisión en función das materias que teña asignadas, tratarase na Comisión Informativa de Organización e Seguridade.

4º As Comisións Informativas estarán compostas por (ademais do alcalde-presidente, membro nato das comisións ex lege, sen prexuízo de que delegue nalgún dos concelleiros que pertencen á comisión, a proposta feita no seu seo):

- Tres (3) representantes do Grupo Político do Partido Popular do Concello de Fene
- Dous (2) representantes do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego
- Un (1) representante do Grupo Municipal Socialista do Concello de Fene
- Un (1) representante do Grupo Municipal Somos Fene
- Un (1) representante do Grupo mixto
- A Comisión Especial de Contas estará formada polos membros da Comisión Informativa de Dinamización Económica

5º As Comisións informativas permanentes celebrarán sesión ordinaria con periodicidade mensual nas datas e horas que respectivamente se establece:

I Comisión informativa de Desenvolvemento Territorial e do Medio: o martes da semana anterior á semana na que se celebre o Pleno ordinario do correspondente mes ás 9:00 horas.

II Comisión informativa de Organización e Seguridade: o mércores da semana anterior á semana na que se celebre o Pleno ordinario do correspondente mes ás 9:00 horas.

III Comisión especial de Dinamización Económica: o luns da semana anterior á semana na que se celebre o Pleno ordinario do correspondente mes ás 9:00 horas.

IV Comisión informativa de Dinamización Social e Transparencia: o venres da semana anterior á semana na que se celebre o Pleno ordinario do correspondente mes ás 09:00 horas.

V A Comisión especial de contas reunirase cando sexa convocada pola Presidencia

Axustarán o seu funcionamento ao disposto nos artigos 53 e seguintes do Regulamento orgánico municipal.

6º A adscripción concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do seu voceiro dirixido á Alcaldía, do que se dará conta ao Pleno, podendo designarse un suplente por cada titular.

Fene 2 de xullo do 2015
O alcalde-presidente
Juventino José Trigo Rey"

Abre o debate o voceiro do grupo do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que anuncia a abstención, igual que nos puntos anteriores, por considerar que se trata de actos de goberno e que non deben entrar neste tipo de xuízo, pero quere deixar constancia, porque saben o complicado que é a constitución destas comisións e o difícil encaixe das porcentaxes de votos que supoñen, que o Partido Popular vai levar tres representantes en cada unha das comisións e o BNG vai levar dous representantes cando a porcentaxe do voto é dun 41,17 % e a do BNG dun 23,52%, o que supón

case que o dobre. Non lle parece unha proporción xusta e cre que as cousas se puideron pensar doutro xeito.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que o seu grupo apoiará a proposta conscientes de que a proporcionalidade é á que obriga a Lei e non este goberno e que dá lugar a que as proporcións das eleccións non se poidan cumprir, o que pasou nesta lexislatura e tamén nas anteriores. A única capacidade do Pleno é a de fixar un maior ou menor número de representantes e, a partir de aí, hai que aplicar a proporcionalidade, así cun número semellante de representantes dos que había anteriormente sae esta proporcionalidade e se se sube pode chegarse á proporcionalidade exacta que é a do Pleno, 17 membros, o que lle semella absurdo. Tamén habería outra opción que é a de que todos os grupos teñan un representante que vote proporcionalmente segundo a súa representación, pero entón en vez de tres membros terían un só. Estas son as únicas dúas opcións de gardar a proporcionalidade exacta do Pleno, ou ter todos os grupos un representante que vote en proporción ou ter comisións informativas de 17 membros. Por isto pensa que o formulado é un pouco ridículo, dito dende o máximo respecto, e si valeu nas derradeiras lexislaturas non entende que se cuestione agora porque segue sendo igualmente válido.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que lembra que o partido socialista, na lexislatura do señor Iván Puentes, en vez de ter sete concelleiros tiña catro e a cuestión de porcentaxes está aí. Dille ao señor Noceda que non sabe porque se dá por aludido porque el falou do PP e do BNG e que a proporcionalidade non era a mesma que daquela.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que quere matizar que non é a mesma proporcionalidade nin o mesmo reparto cando se fai entre catro grupos políticos que cando se fai entre cinco e é imposible que se dean as mesmas proporcionalidades que hai oito anos.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que lle di ao alcalde que o tema non ía co señor Noceda, que non tiña a intención de restarlle representatividade a ningún grupo político que está neste Pleno, sinxelamente está sacando a relucir o paradoxo de que o seu grupo, con case co dobre dos votos, teña tres representantes.

A continuación intervén o alcalde que di que o cálculo fíxose segundo a normativa, sen entrar no xusto ou inxusto da situación, como que nalgún sitio un deputado precise 10.000 votos e noutro 30.000. Sen entrar noutro tipo de debates di que neste tempo houbo dúas Xuntas de Voceiros e en ningún momento se comentou nada disto e ao mellor se puido ter cambiado algo.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que lle di ao alcalde que xa lle dixo que non ían votar en contra.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 9 votos a favor (4 do grupo do BNG, 3 do grupo socialista e 2 de Somos Fene), con 8 abstencións (7 do grupo do PP e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1º Crear catro Comisións Informativas Permanentes coa seguinte denominación:

I Comisión informativa de Desenvolvemento Territorial e do Medio

II Comisión informativa de Organización e Seguridade

III Comisión informativa de Dinamización Económica

IV Comisión informativa de Dinamización Social e Transparencia

2º De conformidade có disposto nos artigos 20.1 e) e 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 51 do Regulamento orgánico do Concello de Fene créase a Comisión especial de contas.

3º A Comisión especial de contas terá as competencias previstas no artigo 116 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local e no artigo 51 do Regulamento orgánico municipal.

As Comisións informativas terán as competencias que sinala o artigo 20.1 c) da Lei 7/1985 de 2 de abril e 51 do Regulamento orgánico municipal e ditaminarán sobre as materias e asuntos relacionados coas materias asignadas a cada área na Resolución da Alcaldía 804/2015.

No caso de que algún asunto non teña un encaixe claro nalgunha comisión en función das materias que teña asignadas, tratarase na Comisión Informativa de Organización e Seguridade.

4º As Comisións Informativas estarán compostas por (ademais do alcalde-presidente, membro nato das comisións ex lege, sen prexuízo de que delegue nalgún dos concelleiros que pertencen á comisión, a proposta feita no seu seo):

- Tres (3) representantes do Grupo Político do Partido Popular do Concello de Fene
- Dous (2) representantes do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego
- Un (1) representante do Grupo Municipal Socialista do Concello de Fene
- Un (1) representante do Grupo Municipal Somos Fene
- Un (1) representante do Grupo mixto
- A Comisión Especial de Contas estará formada polos membros da Comisión Informativa de Dinamización Económica

5º As Comisións informativas permanentes celebrarán sesión ordinaria con periodicidade mensual nas datas e horas que respectivamente se establece:

I Comisión informativa de Desenvolvemento Territorial e do Medio: o martes da semana anterior á semana na que se celebre o Pleno ordinario do correspondente mes ás 9:00 horas.

II Comisión informativa de Organización e Seguridade: o mércores da semana anterior á semana na que se celebre o Pleno ordinario do correspondente mes ás 9:00 horas.

III Comisión informativa de Dinamización Económica: o luns da semana anterior á semana na que se celebre o Pleno ordinario do correspondente mes ás 9:00 horas.

IV Comisión informativa de Dinamización Social e Transparencia: o venres da semana anterior á semana na que se celebre o Pleno ordinario do correspondente mes ás 09:00 horas.

V A Comisión especial de contas reunirse cando sexa convocada pola Presidencia

Axustarán o seu funcionamento ao disposto nos artigos 53 e seguintes do Regulamento orgánico municipal.

6º A adscripción concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do seu

voceiro dirixido á Alcaldía, do que se dará conta ao Pleno, podendo designarse un suplente por cada titular.

6. Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía da determinación dos concelleiros que exercerán os seus cargos con dedicacións parciais, réxime de asistencias dos membros da Corporación e fixación do réxime de indemnizacións por gastos efectivos ocasionados no exercicio do cargo

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía fiscalizada de conformidade pola intervención en informe de 03.07.2015:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: determinación dos concelleiros que exercerán os seus cargos con dedicacións, réxime de asistencias dos membros da Corporación e fixación do réxime de indemnizacións por gastos efectivos ocasionados no exercicio do cargo.

O volume de servicios, actividades e expedientes de diversa natureza nesta Corporación fan necesarios, para o seu adecuado seguimento e atención específica, que diversos membros do goberno desempeñen o seu cargo neste mandato corporativo en réxime de dedicación parcial.

En efecto, corresponde ó Pleno, a proposta do Presidente, e dentro da consignación global a tal fin contida no orzamento, determinar a relación de cargos da Corporación que poderán desenvolverse en réxime de dedicación exclusiva e parcial e, polo tanto, con dereito a retribución, así como as contías que correspondan en atención ó seu grado de responsabilidade e dedicación (art. 75.2 da LRBRL e 13.4 ROF).

Merece especial mención a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local que supuxo unha importante revisión do estatuto xurídico da Administración Local fixándose como obxectivos, entre outros, o de racionalizar a estrutura organizativa da Administración Local de acordo cos principios de eficiencia, estabilidade e sostibilidade financeira e neste sentido, introduce unha relevante modificación na Lei de Bases de Réxime Local, en concreto, introduce os artigos 75 bis e 75 ter. O primeiro, limita as retribucións máximas dos membros da Corporación Local e o segundo o número de cargos públicos con dedicación exclusiva.

Así mesmo debe terse en conta a Disposición Adicional Nonaxésima na Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado, vixente nesta data, que establece o límite máximo total que poden percibir os membros con dedicación exclusiva das Corporacións Locais por todos os conceptos retributivos e asistencias, que para o caso do noso Concello será de 50000,00 €.

Considerando que a lei de orzamentos xerais do estado non determinou todavía qué límites retributivos teñen os cargos en réxime de dedicación parcial nos concellos maiores de 1.000 habitantes, cabería entender que para as entidades maiores de 1.000 habitantes, seguindo a nota explicativa do Ministerio de Administracións Públicas de 5 de marzo de 2014, que o límite máximo total que poderían percibir por todos os conceptos retributivos quen desempeñe o seu cargo en réxime de dedicación parcial, vén determinado pola aplicación da porcentaxe de dedicación parcial que corresponda á contía máxima de referencia por tramos de poboación prevista no párrafo primeiro da citada Disposición adicional da LPXE 2014.

Dacordo con este novo marco legal, e tendo en conta as necesidades da Corporación municipal, faise necesario establecer os membros que, en atención ás funcións asignadas e responsabilidades asumidas, van a desempeñar o seu cargo en réxime de dedicación parcial.

Asemade, é necesario adoptar medidas que garantan o correcto funcionamento dos grupos políticos para o cumprimento dos seus fins, no marco das posibilidades económicas desta Corporación.

Considerando o disposto nos artigos 73.3 e 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os artigos 23 e seguintes do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 26 de novembro, artigo 3 do Regulamento Orgánico Municipal e normas concordantes e xerais de aplicación, proponse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º Aprobar a fixación das seguintes adicacións parciais con efectos económicos dende o día seguinte ao do presente acordo, dos seguintes cargos da Corporación, coas retribucións e adicacións mínimas que de seguido se indican:

- Sr. Alcalde-Presidente, Juventino José Trigo Rey: 20.701,00 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesa contía nos meses de xuño e decembro. O réxime da adicación mínima diaria será do 41% da xornada laboral.
- Sr. Concelleiro delegado especial da subárea de urbanismo e vivenda Justo Martínez Ardá: 10.352,00 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e decembro. O réxime de adicación mínima diaria será do 21% da xornada laboral.
- Sra. Concelleira delegada xenérica da área de organización e seguridade e delegada especial da subárea de Persoal, Seguridade, Formación e Emprego Alejandra Permuy Meizoso: 10.352,00€ brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e decembro. O réxime de dedicación mínima diaria será do 21% da xornada laboral.

O devengo das pagas extraordinarias dos meses de xuño e decembro estarán suxeitas ás mesmas normas que as previstas para o personal funcionario.

2º Solicitar ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social a afiliación e alta dos concelleiros con adicación parcial

3º Os membros da Corporación que non desempeñen cargos en réxime de adicación parcial percibirán, pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte , as asistencias que de seguido se indican:

Organo colexiado	Importe (€)
Sesión ordinaria Pleno	400,00 €/sesión
Sesión extraordinaria Pleno	80,00 €/sesión
Xunta de Delegados	336,00 €/sesión
Xunta de Goberno Local	25,00 €/sesión

O pago das asignacións realizarase previo certificado da Secretaría da asistencia efectiva de cada un dos membros da corporación municipal ás correspondentes sesións.

En caso de concorrer dúas ou máis sesións de calquera dos órganos indemnizables no mesmo día cuxa hora de inicio, segundo a convocatoria, non difira en máis de tres horas, os Sres. concelleiros/as de que se trate percibirán a cantidade correspondente a unha soa sesión, aplicándose a sinalada á de maior contía.

Tendo en conta o actual contexto de crise económica, fíxase un máximo anual de indemnizacións por asistencias a determinados órganos colexiados de acordo co seguinte:

-Sesións extraordinarias do Pleno da Corporación e Xunta de Goberno Local: máximo indemnizable 8 sesións por exercicio, a excepción do ano 2015 no que serán só indemnizables, como máximo, 4 sesións que se celebren a partir da adopción do presente acordo.

-Sesións extraordinarias da Xunta de Delegados: máximo indemnizable 3 sesións por exercicio, excepto para o ano 2015 que serán só indemnizables, como máximo, 2 sesións que se celebren a partir da adopción do presente acordo.

-Sesións extraordinarias da Xunta de Goberno Local: máximo indemnizable 8 sesións por exercicio, excepto para o ano 2015 que serán só indemnizables, como máximo, 4 sesións que se celebren a partir da adopción do presente acordo.

Non serán indemnizables as sesións constitutivas dos órganos colexiados.

4º A contía das adicacións parciais e indemnizacións por asistencias a órganos colexiados fixadas neste acordo serán revisadas para cada exercicio orzamentario con efectos de 1 de xaneiro, na forma que establezan as bases de execución do orzamento de cada exercicio.

5º As indemnizacións por gastos ocasionados no exercicio do seu cargo por parte dos cargos electos do concello regularanse nos termos que a continuación se indican:

1) Só dan dereito a indemnización os gastos ocasionados en comisións de servizo fóra do termo municipal do Concello de Fene levadas a cabo por :

- Alcalde presidente
- Concelleiros, previa autorización por parte do Alcalde.

2) Conceptos indemnizables.

Os cargos electos cando realicen algunha das funcións que dan dereito a indemnización segundo o Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, ou polas normas que modifiquen a contía e o réxime destas, segundo o apartado anterior, serán resarcidos pola contía exacta dos gastos realizados que sexan necesarios para o exercicio das citadas funcións, de acordo coa xustificación documental dos mesmos.

En caso contrario, indemnizarase na contía sinalada para o grupo 1 do anexo II e III do Real decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, ou polas normas que modifiquen a contía e o réxime destas.

3) Criterios de devengo dos gastos de aloxamento e manutención.

3.1. Nas comisións cuxa duración sexa igual ou inferior a un día natural, en xeral non se percibirán indemnizacións por gastos de aloxamento nin de manutención salvo cando, tendo a comisión unha duración mínima de cinco horas:

- ésta se inicie antes das catorce horas y remate despois das dezaseis horas.

Neste supostos poderán abonarse os gastos de manutención que se xustifiquen.

3.2. Nas comisións cuxa duración sexa igual ou inferior a vinte e catro horas, pero comprendan parte de dous días naturais, poderán percibirse indemnizacións por gastos de aloxamento correspondentes a un só día e os gastos de manutención nas mesmas condicións fixadas no seguinte apartado para os días de saída e regreso.

3.3. Nas comisións cuxa duración sexa superior a vinte e catro horas terase en conta:

a) No día de saída poderanse percibir gastos de aloxamento pero non gastos de manutención, salvo que a hora fixada para iniciar a comisión sexa anterior as catorce horas, poderanse percibir gastos de manutención de comida e cea, reducíndose a cea cando dita hora de saída sexa posterior as catorce horas pero anterior as vinte e dúas horas.

b) No día de regreso non se poderán percibir gastos de aloxamento nin de manutención, salvo que a hora fixada para concluír a comisión sexa posterior as catorce horas, en cuxo caso se percibirá, con carácter xeral, unicamente unha única indemnización pola comida. Se a hora fixada para concluír a comisión é posterior ás 22.00 horas percibirá tamén a indemnización pola cea.

c) nos días intermedios entre os de saída e regreso se percibirán dietas de tódolos gastos de manutención ocasionados que estén debidamente xustificadas(almuerzo, comida e cea) .

4) Indemnizacións por gastos de viaxe.

4.1.- Toda comisión de servicio dará dereito a viaxar pola conta do Concello dende o lugar de inicio ata o de destino, e o seu regreso, no medio de transporte que se determine ao autorizar a comisión, procurándose que o desprazamento efectúese por liñas regulares.

Se o autorizar a comisión de servicio non se determinara expresamente o medio de transporte, o comisionado poderá empregar os medios regulares dispoñibles e, no seu caso, cas instrucións impartidas a hora de aprobar a comisión de servicio.

4.2.- Indemnizaranse polo importe do billete ou pasaxe utilizado, o importe xustificado, cos seguintes limites:

- a) Avión: clase turista ou clase de contía inferior a prevista para aquela.
- b) Trens de alta velocidade: grupo primeiro, clase preferente; segundo e terceiro grupo, clase turista.
- c) Trens nocturnos: grupo primeiro, cama preferente; segundo y terceiro grupo, cama turista ou liteiras.
- d) Trens convencionais e outros medios de transporte: grupos primeiro e segundo, clase primeira ou preferente; terceiro grupo, clase segunda ou turista.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, nos casos de urxencia cando non houbera billete ou pasaxe da clase que corresponda, ou por motivos de representación ou duración dos viaxes, a autoridade que ordene a comisión poderá autorizar unha clase superior.

Nos casos en que se utilicen para o desprazamento medios gratuítos do Estado non se terá dereito a ser indemnizado por este concepto.

Así mesmo, poderanse indemnizar os gastos de:

- 1) consignas de equipaxes cando o comisionado vexase obrigado a permanecer «en tránsito» nalguna cidade ou no propio aeroporto ou estación.
- 2) taxis ou vehículos de aluguer con ou sen conductor en destino, sempre que se autorice excepcionalmente na orden de comisión.
- 3) billetes de metro tamén serán indemnizables, neste caso non será necesaria a autorización expresa na orde da comisión de servicio.

4.3.- Cando na orden da comisión se autorice a súa utilización, serán así mesmo indemnizables como gastos de viaxe, unha vez xustificadas documentalmente, os gastos de desprazamento en taxi entre as: estacións de ferrocarril, autobuses, portos e aeroportos, así como tamén dende o parking onde se deixe o vehículo propio; e o lugar de destino da comisión ou el lugar da residencia oficial, segundo se trate da ida ou de regreso, respectivamente, así como os correspondentes a xestións ou dilixencias, en dito lugar, especificamente relacionadas co servicio de que se trate e sempre cos medios regulares de transporte resulten claramente inadecuados.

5) Utilización de vehículos particulares e outros medios especiais de transporte.

Cando, así se determine na orden da comisión, poderase utilizar nas comisións de servicio, vehículos particulares.

Téñase en conta que o importe da indemnización a percibir como gasto de viaxe polo uso de vehículo particular na comisión de servicio, queda fixada en 0,19 euros por kilómetro recorrido polo uso de automóbiles, conforme o establece o artigo 1 da Orden de EHA/3770/2005, de 1 de decembro, pola que se revisa o importe da indemnización polo uso de vehículo particular establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servicio.

Neste caso tamén resultarán indemnizables, previa xustificación documental, os gastos de peaxe en autopistas, nos casos en que polas características do percorrido, se considerase necesario polo órgano que designa a comisión e se prevera na correspondente orden.

6) Revisión das indemnizacións.

A contía das indemnizacións derivadas do uso do vehículo particular será aplicable a norma estatal que leve a cabo a actualización do importe das mesmas.

7) Outros gastos.

Así mesmo tamén serán considerados como gastos indemnizables por parte da Corporación os dos cargos electos cando sexan ocasionados con motivo da matrícula en cursos impartidos polas administracións públicas e dirixidos nas súas convocatorias ós cargos electos.

8) Procedemento para levar a cabo a comisión e a súa indemnización.

Será preciso solicitar a autorización ao Alcalde do Concello quen a través de autorización determinará a data, o lugar de destino, a hora estimada de comezo e fin da comisión de servizo, o medio de transporte que se autoriza a utilizar, etc e demais extremos precisos conforme os artigos anteriores.

Logo de celebrada a comisión os cargos electos deberán presentar con carácter previo ao abono da mesma a conta xustificativa, coas facturas ou documentos substitutivos correspondentes xustificativas do gasto realizado. Respecto a conta xustificativa deben coincidir os conceptos xustificados ca orde de comisión de servizo emitida polo Alcalde.

Unha vez fiscalizado o expediente pola intervención municipal, farase efectivo o abono da indemnización a través de transferencia ao interesado.

Posibilitase con carácter excepcional, e en casos debidamente xustificados no expediente, que o abono das indemnizacións teña carácter de a xustificar.

Para o non previsto expresamente neste acordo, será de aplicación o RD462/2002, de 20 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e disposicións de desenvolvemento ou normas de carácter xeral que as substitúan.

7º Proceder á publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia , ós efectos do disposto no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril

Fene, 2 de xullo de 2015
O alcalde
Juventino J. Trigo Rey"

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 9 votos a favor (4 do grupo do BNG, 3 do grupo socialista e 2 de Somos Fene), con 8 abstencións (7 do grupo do PP e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1º Aprobar a fixación das seguintes adicacións parciais con efectos económicos dende o día seguinte ao do presente acordo, dos seguintes cargos da Corporación, coas retribucións e adicacións mínimas que de seguido se indican:

- **Sr. Alcalde-Presidente, Juventino José Trigo Rey: 20.701,00 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesa contía nos meses de xuño e decembro. O réxime da adicación mínima diaria será do 41% da xornada laboral.**
- **Sr. Concelleiro delegado especial da subárea de urbanismo e vivenda Justo Martínez Ardá: 10.352,00 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas**

extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e decembro. O réxime de adicación mínima diaria será do 21% da xornada laboral.

- Sra. Concelleira delegada xenérica da área de organización e seguridade e delegada especial da subárea de Persoal, Seguridade, Formación e Emprego Alejandra Permuy Meizoso: 10.352,00€ brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e decembro. O réxime de dedicación mínima diaria será do 21% da xornada laboral.

O devengo das pagas extraordinarias dos meses de xuño e decembro estarán suxeitas ás mesmas normas que as previstas para o personal funcionario.

2º Solicitar ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social a afiliación e alta dos concelleiros con adicación parcial

3º Os membros da Corporación que non desempeñen cargos en réxime de adicación parcial percibirán, pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, as asistencias que de seguido se indican:

Organo colexiado	Importe (€)
Sesión ordinaria Pleno	400,00 €/sesión
Sesión extraordinaria Pleno	80,00 €/sesión
Xunta de Delegados	336,00 €/sesión
Xunta de Goberno Local	25,00 €/sesión

O pago das asignacións realizarase previo certificado da Secretaría da asistencia efectiva de cada un dos membros da corporación municipal ás correspondentes sesións.

En caso de concorrer dúas ou máis sesións de calquera dos órganos indemnizables no mesmo día cuxa hora de inicio, segundo a convocatoria, non difira en máis de tres horas, os Sres. concelleiros/as de que se trate percibirán a cantidade correspondente a unha soa sesión, aplicándose a sinalada á de maior contía.

Tendo en conta o actual contexto de crise económica, fíxase un máximo anual de indemnizacións por asistencias a determinados órganos colexiados de acordo co seguinte:

- Sesións extraordinarias do Pleno da Corporación e Xunta de Goberno Local: máximo indemnizable 8 sesións por exercicio, a excepción do ano 2015 no que serán só indemnizables, como máximo, 4 sesións que se celebren a partir da adopción do presente acordo.
- Sesións extraordinarias da Xunta de Delegados: máximo indemnizable 3 sesións por exercicio, excepto para o ano 2015 que serán só indemnizables, como máximo, 2 sesións que se celebren a partir da adopción do presente acordo.
- Sesións extraordinarias da Xunta de Goberno Local: máximo indemnizable 8 sesións por exercicio, excepto para o ano 2015 que serán só indemnizables, como máximo, 4 sesións que se celebren a partir da adopción do presente acordo.

Non serán indemnizables as sesións constitutivas dos órganos colexiados.

4º A contía das adicacións parciais e indemnizacións por asistencias a órganos colexiados fixadas neste acordo serán revisadas para cada exercicio orzamentario con efectos de 1 de xaneiro, na forma que establezan as bases de execución do orzamento de cada exercicio.

5º As indemnizacións por gastos ocasionados no exercicio do seu cargo por parte dos cargos electos do concello regularanse nos termos que a continuación se indican:

1) Só dan dereito a indemnización os gastos ocasionados en comisións de servizo fóra do termo municipal do Concello de Fene levadas a cabo por:

- Alcalde presidente
- Concelleiros, previa autorización por parte do Alcalde.

2) Conceptos indemnizables.

Os cargos electos cando realicen algunha das funcións que dan dereito a indemnización segundo o Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, ou polas normas que modifiquen a contía e o réxime destas, segundo o apartado anterior, serán resarcidos pola contía exacta dos gastos realizados que sexan necesarios para o exercicio das citadas funcións, de acordo coa xustificación documental dos mesmos.

En caso contrario, indemnizarase na contía sinalada para o grupo 1 do anexo II e III do Real decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, ou polas normas que modifiquen a contía e o réxime destas.

3) Criterios de devengo dos gastos de aloxamento e manutención.

3.1. Nas comisións cuxa duración sexa igual ou inferior a un día natural, en xeral non se percibirán indemnizacións por gastos de aloxamento nin de manutención salvo cando, tendo a comisión unha duración mínima de cinco horas:

- ésta se inicie antes das catorce horas y remate despois das dezaseis horas.

Neste supostos poderán abonarse os gastos de manutención que se xustifiquen.

3.2. Nas comisións cuxa duración sexa igual ou inferior a vinte catro horas, pero comprendan parte de dous días naturais, poderán percibirse indemnizacións por gastos de aloxamento correspondentes a un só día e os gastos de manutención nas mesmas condicións fixadas no seguinte apartado para os días de saída e regreso.

3.3. Nas comisións cuxa duración sexa superior a vinte catro horas terase en conta:

a) No día de saída poderanse percibir gastos de aloxamento pero non gastos de manutención, salvo que a hora fixada para iniciar a comisión sexa anterior as catorce horas, poderanse percibir gastos de manutención de comida e cea, reducíndose a cea cando dita hora de saída sexa posterior as catorce horas pero anterior as vintedúas horas.

b) No día de regreso non se poderán percibir gastos de aloxamento nin de manutención, salvo que a hora fixada para concluír a comisión sexa posterior as catorce horas, en cuxo caso se percibirá, con carácter xeral, unicamente unha única indemnización pola comida. Se a hora fixada para concluír a comisión é posterior ás 22.00 horas percibirá tamén a indemnización pola cea.

c) nos días intermedios entre os de saída e regreso se percibirán dietas de tódolos gastos de manutención ocasionados que estén debidamente xustificadas(almuerzo, comida e cea) .

4) Indemnizacións por gastos de viaxe.

4.1.-Toda comisión de servizo dará dereito a viaxar pola conta do Concello dende o lugar de inicio ata o de destino, e o seu regreso, no medio de transporte que se determine ao autorizar a comisión, procurándose que o desprazamento efectúese por liñas regulares.

Se o autorizar a comisión de servizo non se determinara expresamente o medio de transporte, o comisionado poderá empregar os medios regulares dispoñibles e, no seu caso, cas instrucións impartidas a hora de aprobar a comisión de servizo.

4.2.- Indemnizaranse polo importe do billete ou pasaxe utilizado, o importe xustificado, cos seguintes límites:

- a) Avión: clase turista ou clase de contía inferior a prevista para aquela.**
- b) Trens de alta velocidade: grupo primeiro, clase preferente; segundo e terceiro grupo, clase turista.**
- c) Trens nocturnos: grupo primeiro, cama preferente; segundo y terceiro grupo, cama turista ou liteiras.**
- d) Trens convencionais e outros medios de transporte: grupos primeiro e segundo, clase primeira ou preferente; terceiro grupo, clase segunda ou turista.**

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, nos casos de urxencia cando non houbera billete ou pasaxe da clase que corresponda, ou por motivos de representación ou duración dos viaxes, a autoridade que ordene a comisión poderá autorizar unha clase superior.

Nos casos en que se utilicen para o desprazamento medios gratuítos do Estado non se terá dereito a ser indemnizado por este concepto.

Así mesmo, poderanse indemnizar os gastos de:

- 1) consignas de equipaxes cando o comisionado vexase obrigado a permanecer «en tránsito» nalgunha cidade ou no propio aeroporto ou estación.**
- 2) taxis ou vehículos de aluguer con ou sen conductor en destino, sempre que se autorice excepcionalmente na orden de comisión.**
- 3) billetes de metro tamén serán indemnizables, neste caso non será necesaria a autorización expresa na orde da comisión de servizo.**

4.3.-Cando na orden da comisión se autorice a súa utilización, serán así mesmo indemnizables como gastos de viaxe, unha vez xustificadas documentalmente, os gastos de desprazamento en taxi entre as: estacións de ferrocarril, autobuses, portos e aeroportos, así como tamén dende o parking onde se deixe o vehículo propio; e o lugar de destino da comisión ou el lugar da residencia oficial, segundo se trate da ida ou de regreso, respectivamente, así como os correspondentes a xestións ou dilixencias, en dito lugar, especificamente relacionadas co servizo de que se trate e sempre cos medios regulares de transporte resulten claramente inadecuados.

5) Utilización de vehículos particulares e outros medios especiais de transporte.

Cando, así se determine na orden da comisión, poderase utilizar nas comisións de servizo, vehículos particulares.

Téñase en conta que o importe da indemnización a percibir como gasto de viaxe polo uso de vehículo particular na comisión de servizo, queda fixada en 0,19 euros por kilómetro recorrido polo uso de automóviles, conforme o establece o artigo 1 da Orden de EHA/3770/2005, de 1 de decembro, pola que se revisa o importe da indemnización polo uso de vehículo particular establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Neste caso tamén resultarán indemnizables, previa xustificación documental, os gastos de peaxe en autopistas, nos casos en que polas características do percorrido, se

considerase necesario polo órgano que designa a comisión e se prevera na correspondente orden.

6) Revisión das indemnizacións.

A contía das indemnizacións derivadas do uso do vehículo particular será aplicable a norma estatal que leve a cabo a actualización do importe das mesmas.

7) Outros gastos.

Así mesmo tamén serán considerados como gastos indemnizables por parte da Corporación os dos cargos electos cando sexan ocasionados con motivo da matrícula en cursos impartidos polas administracións públicas e dirixidos nas súas convocatorias ós cargos electos.

8) Procedemento para levar a cabo a comisión e a súa indemnización.

Será preciso solicitar a autorización ao Alcalde do Concello quen a través de autorización determinará a data, o lugar de destino, a hora estimada de comezo e fin da comisión de servizo, o medio de transporte que se autoriza a utilizar, etc e demais extremos precisos conforme os artigos anteriores.

Logo de celebrada a comisión os cargos electos deberán presentar con carácter previo ao abono da mesma a conta xustificativa, coas facturas ou documentos substitutivos correspondentes xustificativas do gasto realizado. Respecto a conta xustificativa deben coincidir os conceptos xustificados ca orde de comisión de servizo emitida polo Alcalde. Unha vez fiscalizado o expediente pola intervención municipal, farase efectivo o abono da indemnización a través de transferencia ao interesado.

Posibilitase con carácter excepcional, e en casos debidamente xustificados no expediente, que o abono das indemnizacións teña carácter de a xustificar.

Para o non previsto expresamente neste acordo, será de aplicación o RD462/2002, de 20 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e disposicións de desenvolvemento ou normas de carácter xeral que as substitúan.

6º Proceder á publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia , ós efectos do disposto no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

7. Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía de representantes en distintos órganos colexiados

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: proposta de representantes en distintos órganos colexiados

O día 13 de xuño do 2015 constituíuse a Corporación municipal do Concello de Fene xurdida das eleccións municipais celebradas o 24 de maio do 2015. Corresponde segundo o artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (BOE número 305 do 22 de decembro do 1986) nomear representantes da Corporación en órganos colexiados, que sexan da competencia do Pleno.

Logo do que antecede proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º Designar por acordo dos grupos aos representantes do Concello nos órganos que de seguido se expresan:

1 Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol: o alcalde-presidente

- 2 Asociación costa noroeste : un representante
- 3 Fondo galego de cooperación e solidariedade: un representante
- 4 Asemblea Xeral do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar: o alcalde máis un representante
- 5 Representante nos Consellos escolares das Escolas infantís xestionadas polo Consorcio no Concello de Fene: ademais do alcalde-presidente, que é presidente nato, outro concelleiro/a
- 6 Un representante para cada consello escolar dos seguintes centros de ensino público:
 - I.E.S. Fene
 - C.E.I.P. Silobre
 - C.E.I.P. Centieiras
 - C.E.I.P. O Ramo
 - C.E.I.P. Os Casais
 - C.E.I.P. A Xunqueira
 - CPR Jorge Juan
- 7 Rede de dinamización lingüística: fixar 1 representante político (+ 1 suplente)
- 8 Representantes do Concello na Mesa Xeral de Negociación e na Comisión Negociadora:
 - Tantos representantes por grupo municipal como teñan asignado na composición das comisións informativas.
 - A concreta designación dos representantes realizarase por mediante escrito do voceiro do Grupo dirixido ó alcalde-presidente do que se dará conta no Pleno da Corporación.
 - Exercerá de secretario o do Concello ou funcionario en quen delegue.
- 9 Designar como representantes do Concello no Comité de Seguridade e Saúde aos/as seguintes/as Concelleiros/as
 - Tantos representantes por grupo municipal como teñan asignado na composición das comisións informativas.
 - A concreta designación dos representantes realizarase por mediante escrito do voceiro do Grupo dirixido ó alcalde-presidente do que se dará conta no Pleno da Corporación.
- 10 Mesa Local do Comercio o alcalde-presidente como membro nato e outro concelleiro/a
- 11 Representante na Comisión de Participación Cidadá da Área Sanitaria de Ferrol: 1 representante
- 12 Grupo de Acción Costeira "Golfo Ártabro": 1 representante titular e 1 suplente

Fene 2 de xullo do 2015
O alcalde-presidente
Juventino José Trigo Rey"

Antes da votación, o alcalde pon de manifesto os nomes dos representantes consensuados cos diferentes grupos, quedando a proposta como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: proposta de representantes en distintos órganos colexiados

O día 13 de xuño do 2015 constituíuse a Corporación municipal do Concello de Fene xurdida das eleccións municipais celebradas o 24 de maio do 2015. Corresponde segundo o artigo 38 do Real Decreto 2568/1986,

do 28 de novembro (BOE número 305 do 22 de decembro do 1986) nomear representantes da Corporación en órganos colexiados, que sexan da competencia do Pleno.

Logo do que antecede propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º Designar por acordo dos grupos aos representantes do Concello nos órganos que de seguido se expresan:

- 1 Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol: o alcalde-presidente Juventino José Trigo Rey
- 2 Asociación costa noroeste : César Daniel Castro García
- 3 Fondo galego de cooperación e solidariedade: Joaquín Julián Ayala Garrido
- 4 Asemblea Xeral do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar: o alcalde Juventino José Trigo Rey máis o concelleiro Gumersindo Pedro Galego Feal
- 5 Representante nos Consellos escolares das Escolas infantís xestionadas polo Consorcio no Concello de Fene: ademais do alcalde-presidente, que é presidente nato, o concelleiro Joaquín Julián Ayala Garrido
- 6 Un representante para cada consello escolar dos seguintes centros de ensino público:
 - I.E.S. Fene: Juana Barro Couto
 - C.E.I.P. Sillobre: M^a del Carmen Martínez Rodríguez
 - C.E.I.P. Centieiras: César Daniel Castro García
 - C.E.I.P. O Ramo: Ana María Novo Picos
 - C.E.I.P. Os Casais: Juana Barro Couto
 - C.E.I.P. A Xunqueira: Amalia García Balado
 - CPR Jorge Juan: Alejandra Permuy Meizoso
- 7 Rede de dinamización lingüística: Amalia García Balado; suplente: Alejandra Permuy Meizoso
- 8 Representantes do Concello na Mesa Xeral de Negociación e na Comisión Negociadora:
 - Tantos representantes por grupo municipal como teñan asignado na composición das comisións informativas.
 - A concreta designación dos representantes realizarase por mediante escrito do voceiro do Grupo dirixido ó alcalde-presidente do que se dará conta no Pleno da Corporación.
 - Exercerá de secretario o do Concello ou funcionario en quen delegue.
- 9 Designar como representantes do Concello no Comité de Seguridade e Saúde aos/as seguintes/as Concelleiros/as
 - Tantos representantes por grupo municipal como teñan asignado na composición das comisións informativas.
 - A concreta designación dos representantes realizarase por mediante escrito do voceiro do Grupo dirixido ó alcalde-presidente do que se dará conta no Pleno da Corporación.
- 10 Mesa Local do Comercio o alcalde-presidente como membro nato e César Daniel Castro García
- 11 Representante na Comisión de Participación Cidadá da Área Sanitaria de Ferrol: Joaquín Julián Ayala Garrido
- 12 Grupo de Acción Costeira "Golfo Ártabro": Justo Martínez Ardá; suplente: María Manuela Aguilar Prieto

Fene 2 de xullo do 2015
O alcalde-presidente

Juventino José Trigo Rey”

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 9 votos a favor (4 do grupo do BNG, 3 do grupo socialista e 2 de Somos Fene), con 8 abstencións (7 do grupo do PP e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1º Designar por acordo dos grupos aos representantes do Concello nos órganos que de seguido se expresan:

1 Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol: o alcalde-presidente Juventino José Trigo Rey

2 Asociación costa noroeste : César Daniel Castro García

3 Fondo galego de cooperación e solidariedade: Joaquín Julián Ayala Garrido

4 Asemblea Xeral do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar: o alcalde Juventino José Trigo Rey máis o concelleiro Gumersindo Pedro Galego Feal

5 Representante nos Consellos escolares das Escolas infantís xestionadas polo Consorcio no Concello de Fene: ademais do alcalde-presidente, que é presidente nato, o concelleiro Joaquín Julián Ayala Garrido

6 Un representante para cada consello escolar dos seguintes centros de ensino público:

**I.E.S. Fene: Juana Barro Couto
C.E.I.P. Sillobre: M^a del Carmen Martínez Rodríguez
C.E.I.P. Centieiras: César Daniel Castro García
C.E.I.P. O Ramo: Ana María Novo Picos
C.E.I.P. Os Casais: Juana Barro Couto
C.E.I.P. A Xunqueira: Amalia García Balado
CPR Jorge Juan: Alejandra Permuy Meizoso**

7 Rede de dinamización lingüística: Amalia García Balado; suplente: Alejandra Permuy Meizoso

8 Representantes do Concello na Mesa Xeral de Negociación e na Comisión Negociadora:

Tantos representantes por grupo municipal como teñan asignado na composición das comisións informativas.

A concreta designación dos representantes realizarase por mediante escrito do voceiro do Grupo dirixido ó alcalde-presidente do que se dará conta no Pleno da Corporación.

Exercerá de secretario o do Concello ou funcionario en quen delegue.

9 Designar como representantes do Concello no Comité de Seguridade e Saúde aos/as seguintes/as Concelleiros/as

Tantos representantes por grupo municipal como teñan asignado na composición das comisións informativas.

A concreta designación dos representantes realizarase por mediante escrito do voceiro do Grupo dirixido ó alcalde-presidente do que se dará conta no Pleno da Corporación.

10 Mesa Local do Comercio o alcalde-presidente como membro nato e César Daniel Castro García

11 Representante na Comisión de Participación Cidadá da Área Sanitaria de Ferrol: Joaquín Julián Ayala Garrido

12 Grupo de Acción Costeira "Golfo Ártabro": Justo Martínez Ardá; suplente: María Manuela Aguilar Prieto

8. Aprobación, se procede, do expediente de suplemento de crédito núm. 7/2015

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía:

"PROPOSTA DA ALCALDIA

Considerando que a Comisión de Facenda en sesión celebrada o día 19 de maio dictaminou favorablemente o expediente de concesión de suplemento de crédito nº 7/2015 (expediente que non foi aprobado polo Pleno na sesión de 22 de maio), propónse neste momento ó Concello Pleno a adopción de acordo, con fundamento na seguinte

EXPOSICION DE MOTIVOS.

Na memoria e providencia adxunta ó expediente, expoñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Visto os informes e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente así como o ditame favorable da Comisión de Facenda, sométese ó Pleno da corporación a seguinte PROPOSTA:

1º. Aprobar o expediente nº 07/2015 de suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais por un importe global de 10.771,36€ de conformidade co previsto no TRLRFL.O detalle é o seguinte :

Aplicacións orzamentarias suplementadas:

APLIC. ORZ.	COD. PROXECTO	CONCEPTO	IMPORTE (€)
171/61900	PAR15	Reparación e mellora de parques infantís e implantación de áreas biosaudbles	10771,36

Medios de financiación do gasto.-

-Propónse que a financiación se realice con cargo ó remanente de tesourería para gastos xerais por un importe de 10771,36 €.

2º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora das Facendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

3º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.

Fene, a 3 de xullo de 2015.
O ALCALDE
Asdo. Juventino J. Trigo Rey"

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que quixera saber cal é a diferenza deste expediente que vén hoxe ao Pleno co mesmo expediente que se levou a un Pleno extraordinario hai dous meses antes das eleccións. Di que daquela se levou a un Pleno extraordinario

porque a súa aprobación era urxente, xa que se acababa de conceder unha subvención para a mellora de seis parques infantís e para a instalación dun parque biosaudable en San Marcos. Di que estas cousas non teñen cor porque son servizos para os veciños, pero vostedes naquel momento, por "tumbiar" unha proposta do grupo de goberno, aínda que fose nun Pleno extraordinario urxente que se fixo antes das eleccións e que se facía para favorecer a todos os veciños de Fene e garantir que esa inversión se puidese facer, fixeron oídos xordos, dixeron que non era o xeito de traer un expediente ao Pleno e que non o ían aprobar. Díxoselles que urxía moito aprobar o expediente porque os prazos eran moi curtos e que si se aprobase o suplemento de crédito e o seu grupo seguise no goberno, o executarían, e se gobernasen vostedes o executarían vostedes; nin así o entenderon e unicamente buscaron darlle unha patada ao goberno sen pensar nos veciños de Fene nin nos parques infantís, pese a que dende o partido socialista se lles insistiu continuamente en que os parques estaban sen homologar.

O caso é que cando chegou a subvención para os parques, a oposición, daquela, a "tumbou", a pesar de que a obra tiña que estar executada a día 30 de setembro e agora veñen con ela a este Pleno extraordinario porque, como dixó antes, non deron feito no seu momento a constitución do goberno e convocar un Pleno ordinario como de verdade debiera facerse o primeiro xoves do mes de xullo.

Non obstante, xa entón sabían que este expediente debe publicarse no BOP por 15 días hábiles e ata que non se poida certificar este crédito non se pode iniciar a licitación dos parques, tendo en conta que hai que licitalos e que agosto está por medio. Di que non vai dudar da súa capacidade para facelo pero tamén poden ter claro que como o 30 de setembro non estean feitos os parques van pedir responsabilidades, por "tumbiar" este mesmo expediente simplemente por darlle atrás a unha iniciativa do goberno sen pensar nos intereses dos veciños para nada.

Pola urxencia que tiña, levaron este mesmo expediente ao Pleno sen pasar por Comisión e agora resulta que hoxe o expediente tamén vén ao Pleno sen pasar por Comisión, polo que di que que rápido se lle colle a un, xa no primeiro Pleno. Remata rogándolle ao goberno que apuren este expediente.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que lle di ao señor Galego que non hai maior mentira que contar unha verdade a medias. Hai mes e medio lle dixeron que non por varios motivos, primeiro porque para o seu partido, dende que se iniciou a lexislatura a súa postura foi primeiro manter ben o que se ten, que os parques cumpran a legalidade e logo xa se farán instalacións novas. O anterior goberno sabía perfectamente que ese era o seu criterio e pediron unha subvención para facer instalacións novas. Dille ao señor Galego que entrou hai catro anos no Concello, cando a metade dos parques infantís cumprían a normativa vixente e hoxe non hai ningún que a cumpra e non só isto, pedíronlle que fixera as revisións que son obrigatorias facer todos os anos. Só anunciaron que a fixeran o último ano logo de pedirllas, tiveron meses para achegarllas e aínda estamos esperando para velas. Dille que non conte películas a medias. O partido socialista votou en contra porque non estaban de acordo e hoxe terán que executar isto porque non hai posibilidade de varialo. Vostede dixó que o levou ao Pleno porque acababa de chegar a subvención e iso é directamente unha mentira, porque a comunicación da subvención é de case dous meses do Pleno que convocaron. Se vostedes tiveran un carácter dialogante e quixeran facer isto estaría aprobado. De todos os xeitos, dille que pode estar tranquilo, porque sobra o tempo para facelo. En setembro, antes do 30, volverán falar disto.

Seguidamente fai uso da palabra o alcalde que di que o único que se demostrou hai dous meses foi a falla total e absoluta de previsión por parte do goberno anterior, porque tal como se dixó, levábase anos pedindo o arranxo dos parques e resulta que dixeron que cando recibiron a subvención foi cando se fixo o Pleno. Di que tiveron tempo para facer un Pleno antes e o que pasou é que esa falla de previsión levou a que non se informou aos veciños de onde ían ir os parques, daquela a eles chegaronlle queixas veciñais de distintas parroquias porque crían que non eran os parques oportunos. Eles intentaron negociar isto e non houbo xeito porque xa non se podía modificar. O que se fixo foi facer un Pleno extraordinario o día anterior ao día de reflexión das eleccións e o seu grupo considerou que non estaba consensuado cos veciños, que non era o momento porque o único que se buscaba, como así se comprobou, era o titular. Estes días consultaron se había xeito de facer algunha modificación nos parques deste proxecto e non é así, polo que loxicamente non queren perder a subvención. Por todo isto traen o expediente hoxe aquí, porque xa non están en campaña e se pode facer perfectamente, sen utilizar as subvencións, as axudas e outras cousas que irán saíndo neste Pleno e que deixaron o Concello como o deixaron.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que lle di ao alcalde que hai que informar correctamente, a subvención é para a reforma de seis parques infantís e a instalación dun parque biosaudable, polo que non se pode dicir que se fan instalacións novas. Se o criterio era o máis axeitado ou non, hai un informe técnico que o di. Se vostedes teñen outro criterio e farían outros parques dilles que haberá outras subvencións e se poderán pedir. Respecto da data na que se

recibiu a subvención rógalle que a diga. Pensa que daquela perdéronse as formas fronte ao fondo, que é o importante: quedar coa subvención. Agora haberá que meterlle présa ao adxudicatario.

Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1º. Aprobar o expediente nº 07/2015 de suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais por un importe global de 10.771,36 € de conformidade co previsto no TRLRFL. O detalle é o seguinte :

Aplicacións orzamentarias suplementadas:

APLIC. ORZ.	COD. PROXECTO	CONCEPTO	IMPORTE (€)
171/61900	PAR15	Reparación e mellora de parques infantís e implantación de áreas biosaudbles	10771,36

Medios de financiación do gasto.-

-Proponse que a financiación se realice con cargo ó remanente de tesourería para gastos xerais por un importe de 10771,36 €.

2º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora das Facendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

3º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.

Finalizado a orde do día o alcalde levanta a sesión ás 19.18 horas, de todo o que como secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria

Juventino José Trigo Rey

Estefanía Manteiga Lamas